

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE XULLO

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:40 horas do día 10 de xullo, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 1a, 1b, 2, 3, 4 e 10a)
D. José Angel Hermida Fernández (asiste aos puntos 2 e 3)
D. Oscar Couce Senra (asiste ao punto 4 e 10a)
D. Miguel Fidalgo Iglesias

Secretaria: D^a.Carmen Pintado García

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 28 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 28 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D. Secundino Otero Faílde e D^a. María Jesús Lago Rey.

b) Acta da sesión do 5 de xullo de 2018

Apróbase a acta da sesión do 5 de xullo de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmante dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:06	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-C2D923-B93DCH-JXEJ7A-NP1SWS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 5 de xullo, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. para que emendasen a documentación persoal. Con data do 5 de xullo de 2018, o licitador presentou a documentación requirida. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

Admitir neste procedemento a ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. por ter presentado correctamente o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmote dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

Ábrese o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

En acto público ábrese o Sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Categoría en estrelas do hotel
1	ATTICA 21 HOTELES, S.L.U.	2.626.000€	4 estrelas superior

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:06	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-C2D923-B93DCH-JXEJ7A-NP1SWS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.1.B.1 do PCAP (" *Estas fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula*") a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a máxima puntuación ao licitador (50 puntos).

	Licitador	Prezo	Categoría en estrelas do hotel
1	ATTICA 21 HOTELES, S.L.U.	38	12

Segundo o informe asinado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras, pola Técnica Medio de actividades turísticas do Servizo de Turismo e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 3 de xullo de 2018 o licitador obtivo unha puntuación de 42 puntos polo sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

En base ao anterior, a puntuación obtida pola ATTICA 21 HOTELES, S.L.U. é a seguinte:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
ATTICA 21 HOTELES, S.L.U.	42	50	92

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)(informe de sobre C)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Transportes o 6 de xullo de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)(informe de sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Transportes o 6 de xullo de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.



10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
ATTICA 21 HOTELES, S.L.U.	92

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:06	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-C2D923-B93DCH-JXEJ7A-NP1SWS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LICITADORES	Puntuación total
UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA	95.4
UTE HINOBEPA, SL -INVERSIONES TURIAPARK, SL	85,27
EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.	53.79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.742,70 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:06	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AF4D-C2D923-B93DCH-JXEJ7A-NP1SWS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		